

CONVENIO PARA INSTRUMENTAR LA CESIÓN DE USO TEMPORAL Y GRATUÍTA DE UNA SUPERFICIE EN EL HALL DEL EDIFICIO TERMINAL DE PASAJEROS DEL AEROPUERTO DE SANTIAGO ENTRE LA AGENCIA TURISMO DE GALICIA, EL AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, Y LA MERCANTIL ESTATAL AENA, S.A.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Santiago de Compostela e a mercantil estatal AENA, S.A. o instrumento convencional arriba referido cunha vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura por un período de catro anos, puidéndose prorrogar por utros catro anos máis se as cesionarias o solicitan cunha antelación mínima de dous meses á data de vencemento.

Que o presente acordo ten por obxecto articular a cesión temporal e gratuita do uso dunha superficie de 100 m², sita na pranta P00, vestíbulo de chegadas do edificio terminal de pasaxeiros do aeroporto de Santiago, onde as cesionarias levatarán un local para aloxar unha oficina que destinarán á actividade de atención, información e asesoramento a peregrinos, turistas e demais usuarios de dito aeroporto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o acordo que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia foi creada polo Decreto 196/2012, de 27 de setembro, DOG núm.193, do 9 de outubro de 2012, en virtude da autorización que recollía a Disposición Adicional Cuarta da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia, e configurada legalmente como axencia pública autonómica das previstas no Art.74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, ten por obxecto impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e,



en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro de dita comunidade autónoma e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

Segundo.- INCOLSA é a sociedade anónima unipersonal propiedade do concello de Santiago de Compostela, e conforme prevé o Art.2, letra c) dos seus estatutos sociais vixentes, ten por obxecto, entre outros, o fomento e a promoción da actividade turística xeral no ámbito municipal e en colaboración con outras administracións públicas e en especial cos concellos da Comarca de Santiago de Compostela.

Terceiro.- Aena S.M.E., S.A. (en adiante, Aena) é a mercantil estatal, cuxo obxecto social, entre outros, a ordenación, dirección, coordinación, explotación, conservación, administración e xestión dos aeroportos de interese xeral do Estado.

Cuarto.- Que correspondendo á Axencia de Turismo de Galicia a promoción del turismo na Comunidade Autónoma de Galicia e á mercantil pública INCOLSA no ámbito máis reducido do municipio de Santiago de Compostela e comarca, e, resultando que Aena SME S.A., é plenamente consciente da importancia da integración dos aeroportos no seu entorno e contribución ao desenvolvemento económico e social do mesmo, e no marco dos principios xerais de actuación fixados polo Art.3.1.letra k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, comparten o fin común de promocionar ambos como destinos turísticos de calidade polos beneficios de longo prazo que a todos brinda, difícilmente individualizables e de diversa índole, por non supoñer o turismo so unha fonte de creación de emprego, senón tamén por actuar como instrumento de reequilibrio territorial e difusor dos valores propios da identidade e cultura galega.

Quinto.- A tal fin, convén en celebrar este convenio de colaboración poñendo esta última a disposición das primeiras o uso temporal e gratuito dun local no Aeroporto de Santiago que posibilite o aloxamento dunha oficina de atención, información e orientación ao peregrino, turistas e demais usuarios que usen as súas instalacións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

